

I PROGRAMA DE APOIO AO EMPRENDEMENTO NO RURAL

Viveiro de Empresas de Lalín

Antecedentes

O artigo 36.1.d da Lei reguladora das bases do réxime local (LRBRL) atribúelles ás deputacións competencias en materia de cooperación para o fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Ademais, no artigo 109 da Lei reguladora da Administración local de Galicia (LRALG) encoméndaselles en xeral ás deputacións o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia.

No artigo 47 e seguintes da Lei do réxime xurídico do sector público (LRXSP) dispónse que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.

Os viveiros de empresas son unhas estruturas de acollida temporal de empresas pensadas para encamiñalas nos seus primeiros pasos no mercado, acompañalas e prestarlles determinados servizos adaptados ás necesidades de cada proxecto empresarial co fin de contribuír á dinamización do tecido produtivo do territorio provincial, ao fomento do emprego e do autoemprego e ao fornecemento das industrias locais, entre outros obxectivos. A Deputación de Pontevedra xestiona os viveiros de empresas de Barro e Lalín, propiciando a posta en marcha de novos proxectos empresariais, por un lado, e, polo outro, ofertando diversas actividades de formación e divulgación encamiñadas a darlles visibilidade a oportunidades de negocio existentes no territorio que atendan a criterios de desenvolvemento local, rural e sostible da comunidade.

Dentro deste marco competencial a Deputación de Pontevedra aprobou mediante a Resolución presidencial de 23 de xuño de 2020, núm. 2020001224, o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Fundación Roberto Rivas para a promoción de iniciativas emprendedoras en contornos rurais da provincia de Pontevedra coma a comarca de Deza, cuxo obxecto é definir a colaboración entre ambas as institucións na posta en marcha de actuacións de fomento do emprendemento de interese provincial, e de maneira máis específica na comarca de Deza, para o ano 2020.

Este convenio atende á implementación e cofinanciamento do Plan de dinamización e promoción do uso dos espazos dos viveiros de empresas da Deputación de Pontevedra aprobado o 23 de xullo mediante a Resolución presidencial núm. 2020027795 (en adiante Plan de dinamización) e préstalle especial atención ás accións que se executan desde o viveiro de empresas situado no polígono Lalín 2000.

En concreto, o acordo de colaboración recolle explicitamente a participación conxunta para a posta en marcha e implementación das seguintes accións recollidas dentro do plan:

- 1.1. Concurso de ideas: campaña promocional; enmarcada no Obxectivo 1: comunicar e difundir o rol dos viveiros de empresas como ferramenta e apoio para a creación de tecido empresarial na provincia
- 2.1. Programa de apoio a ideas emprendedoras; enmarcado no Obxectivo 2: fomentar e apoiar o emprendemento e as iniciativas empresariais

Este plan conta cun orzamento de vinte mil cen (20.100) euros en concepto de publicidade e propaganda e xuntanzas, conferencias e cursos con cargo ás partidas 20/942.4330.226.02 e 20/942.4330.226.06, dos cales a Fundación Roberto Rivas achega doce mil (12.000) euros para cofinanciar as accións anteriormente sinaladas.

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria do I Programa de apoio ao emprendemento no rural–Viveiro de Empresas de Lalín– (acción 2.1 do Obxectivo 2 do Plan de dinamización); un programa de asesoramento, formación e mentorización dirixido a persoas emprendedoras, profesionais ou empresas cuxos proxectos empresariais se ubiquen no rural o poñan en valor ou contribúan ao seu desenvolvemento sostible.

Segunda. Público destinatario e requisitos

Este programa vai dirixido a apoiar e mentorizar proxectos empresariais que poñan en valor o rural e que se ubiquen na provincia de Pontevedra.

Poderán optar a este programa formativo as persoas físicas ou xurídicas que se encadren nun dos seguintes puntos:

- a) Promotores/as de novas iniciativas empresariais - profesionais ou empresas de nova creación ou en fase de lanzamento, sucesión e recuperación de empresas en situación de peche por xubilación-.
- b) Profesionais e empresas que, estando en funcionamento, queiran poñer en marcha novas liñas de negocio ou precisen consolidar ou redeseñar os seus proxectos empresariais.

Terceiro. Dotación e imputación orzamentaria

O orzamento destinado a esta acción ascende a dez mil cento dez (10.110) euros, existindo crédito dispoñible nas aplicacións 20/942.4330.226.06. para financiamento da mesma.

Para o financiamento deste programa xerouse crédito polo importe de 10.000,00 € achegados pola Fundación Roberto Rivas.

Cuarta. Presentación de solicitudes e prazo e lugar de presentación de solicitudes

Cada persoa ou entidade solicitante poderá presentar un único proxecto.

A presentación de solicitudes realizarase preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas representantes dunha das anteriores, segundo o previsto no artigo 14.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se algunha destas persoas interesadas presenta a súa solicitude de forma presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

Para a presentación das solicitudes, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de métodos de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Aquelas persoas interesadas que non estean obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común,

utilizando o formulario normalizado dispoñible a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

O prazo de presentación de candidaturas será de quince (15) días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria das bases no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

Quinta. Comprobación dos datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- DNI/ NIF da persoa física ou xurídica solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante
- Situación actual de desemprego das persoas físicas solicitantes, no caso de que sexa de aplicación
- Certificado de discapacidade, no caso de que sexa de aplicación
- Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade, no caso de que sexa de aplicación
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA)
- Certificado de estar ao corrente do pagamento da Seguridade Social

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Sexta. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas estean obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou se deixen de practicar por medios electrónicos.

As notificacións practicaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os dous sistemas son accesibles desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<http://sede.depo.gal>)

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sétima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse preferentemente de forma electrónica a través do modelo "Instancia xenérica", dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <https://sede.depo.gal>.

Opcionalmente, tamén poderán tramitarse de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta Lei, que emende as faltas ou presente os documentos preceptivos nun prazo de 10 días hábiles, indicándolle que, de non facelo, se terá por desistida da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Oitava. Procedemento e criterios de selección

Unha vez recibidas as solicitudes de participación, as persoas promotoras dos proxectos presentados en tempo e forma serán convocadas telefonicamente ao proceso de selección, no cal se lles realizará unha entrevista persoal. Así mesmo, a data e hora de celebración da entrevista, publicaranse na páxina web con alomenos tres días hábiles de antelación.

Nos criterios de selección teranse en consideración tanto criterios obxectivos (empresariais e transversais) como subxectivos (motivacionais e persoais). A puntuación máxima que se poderá acadar será de 18 puntos, dos que o 50 % serán criterios obxectivos e o outro 50 % subxectivos, segundo se detalla no anexo II.

Novena. Comisión de selección

Na selección dos proxectos presentados, participará unha comisión conformada por persoal técnico (2) do Servizo de Cooperación cuxas funcións se relacionan directamente coa dinamización e xestión dos Viveiros de empresas e un/ha persoa representante da Fundación Roberto Rivas.

A composición do Comité (titulares e suplentes) publicárase na páxina web xunto coa data e hora de celebración das entrevistas.

Décima. Resolución da convocatoria

A Comisión de selección elixirá entre os proxectos presentados aos que participaran no Programa atendendo as criterios sinalados no Anexo II.

A puntuación final será a media entre os criterios empresariais e transversais e os criterios motivacionais, persoais e experienciais. Serán seleccionados os 5 proxectos que acaden maior puntuación.

En caso de empate será elixido aquel proxecto que acade maior puntuación: 1) no apartado B. 2) De manterse o empate, aquel que pertenza a máis de dous colectivos prioritarios terá un

punto extra por cada colectivo ao que pertenza.3) De manterse o empate, aquel produto ou servizo con maior grao de innovación.

Da decisión da comisión redactarase unha acta detallada, asinada por todos os seus membros. Será elaborada unha proposta de resolución que será elevada para a súa aprobación definitiva ao órgano competente desta Deputación.

A resolución da convocatoria terá lugar dentro dos sete días seguintes ao de finalización do prazo de presentación das propostas.

O resultado da convocatoria será publicado na web de Viveiros de empresas de Deputación de Pontevedra, a través das redes sociais de Deputación e comunicado vía e-mail ás/aos promotoras/es dos proxectos seleccionados.

Décimo primeira. Estrutura, contido e condicións xerais de participación no Programa

O desenvolvemento do programa estrutúrase en 2 fases:

- Fase I. Desenvolvemento de proxectos.

Os 5 proxectos seleccionados¹ participarán ao longo do período formativo nun programa que conxuga formación específica (28 h) dirixida ao impulso e posta en funcionamento dos proxectos, así como á capacitación en habilidades emprendedoras, e mentorización e acompañamento individual (7,5 h), segundo o anexo II.

- Fase II. Demo Day

O programa remata cun evento final no cal as persoas promotoras terán a oportunidade de dar a coñecer os seus proxectos. Esta fase divídese na preparación para a presentación de proxectos (2 h) e no evento (1,5 h).

A duración total do programa será de 39 horas por proxecto, distribuídas en sesións formativas ou obradoiros prácticos de 3,5 h de duración (8) mais na preparación de Demo Day, de 2 h, e titorías individuais, de 1,5 h (5), que poderán ser presenciais ou telemáticas.

A participación no programa e superación do mesmo, esixe o cumprimento dunha serie de condicións xerais de participación polos que se rexerá o Programa ao longo da súa implementación, de conformidade co seguinte:

- O programa levarase a cabo nas instalacións do Viveiro de Empresas de Lalín (polígono Lalín 2000, parcela E3). Se as condicións non permitisen a súa realización presencial faríase en modalidade telemática.
- Durante a duración do programa, as e os participantes poderán facer uso das instalacións do Viveiro de Empresas de Lalín e traballar no espazo de *coworking* dispoñible (previa reserva) para o desenvolvemento do seu proxecto de empresa.
- As persoas participantes deberán comprometerse a asistir ás sesións e titorías sinaladas nas datas, horas e lugares establecidos no programa, así como a colaborar co resto de participantes e seguir as indicacións e tarefas que lles encomende o equipo responsable e docente do programa. A asistencia é obrigatoria e será preciso xustificar as faltas, que non poderán superar o 75 % das horas totais do programa.
- A dirección do programa reserva o dereito de prescindir daqueles proxectos participantes que non cumpran as condicións establecidas nestas bases ou que a xuízo

¹ En caso de baixa dalgún dos proxectos ao longo do primeiro mes de programa poderían incorporarse novos proxectos, atendendo á orde de puntuación segundo o baremo e despois de realizar a entrevista.

do equipo responsable non amosen o interese, a dilixencia, dedicación e cooperación precisos para o seu aproveitamento.

- A dirección do programa informará a través do correo electrónico do calendario de actividades e demais detalles de interese para os proxectos participantes.

Décimo segunda. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das bases.

Décimo terceira. Normativa aplicable

No non previstos nestes termos e condicións, aplicarase o disposto na normativa de réxime local, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ou normas que a substitúen, así como Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (BOP 30/12/2016).

Décimo cuarta. Publicidade.

Estas bases reguladoras publicarase no BOPPO e en <https://sede.depo.gal.sen>.

Así mesmo, darase cumprimento ás obrigas de publicidade referidas á convocatoria, concesión e pago na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Décimo quinta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar o desenvolvemento do concurso, facer entrega do premio ás persoas gañadoras e cumprir cantas obrigas legais e fiscais resulten de aplicación.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos, segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE I PROGRAMA DE APOIO AO EMPRENDEMENTO NO RURAL – Viveiro de empresas de Lalín-

DATOS PERSOAIS*

Nome e apelidos

E-mail

Teléfono móbil

Enderezo

Sexo

DNI/NIE/NIF/Outro

COLECTIVO AO QUE PERTENCE (máis dunha opción é posible)

Non desfavorecido

En risco de exclusión social

Desemprego de longa duración

DESCRIBA A SÚA EXPERIENCIA PROFESIONAL E FORMATIVA (500 CARACTERES)

DATOS PROFESIONAIS*

SITUACIÓN LABORAL

Persoa en situación de desemprego

Persoa en situación de desemprego de longa duración (+12 meses)

Persoa autónoma/empresaria

Persoa empregada por conta allea

(a responder se marcou a opción Persoa autónoma/empresaria)**

SE TEN UNHA EMPRESA INDIQUE A RELACIÓN CO CAPITAL DA EMPRESA (Socio/a, fillo/a, Propietario/a, ningunha relación pero si interese en facerse cargo dunha empresa en situación de peche por xubilación...)**

DATOS DA EMPRESA **

Empresa

Sector de actividade

Enderezo

Funcións/ Tarefas que desempeña

BREVE DESCRIPCIÓN DO PROXECTO*

BREVE DESCRIPCIÓN - ter en conta os criterios sinalados na base oitava "procedemento e criterios de selección" así como o baremo de selección de proxectos candidatos a participar a participar no I Programa de apoio ao emprendemento no rural- Viveiro de empresas de Lalín recollidos no ANEXO II destas bases. (máx 10.000 CARACTERES)

GRAO DE DESENVOLVEMENTO ACTUAL DO PROXECTO

Empresa creada e en funcionamento que precisa redefinir o seu modelo de negocio

Empresa creada e en funcionamento que queira pór en marcha unha nova liña de negocio

Empresa creada e en funcionamento en situación de peche por xubilación (remuda xeracional)

Empresa en trámites de creación

En fase de estudo de mercado

Proxecto claro e definido

DATOS DE INTERESE E MOTIVACIÓN*

SINALE O SEU INTERESE E MOTIVACIÓN EN PARTICIPAR NESTE PROGRAMA (máx 10.000 CARACTERES)

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA A ADXUNTAR

FOTOCOPIA DOCUMENTO ACREDITACIÓN IDENTIDADE (DNI, NIE...)*

XUSTIFICANTE SITUACIÓN LABORAL (tarxeta de demandante de emprego, pago cota da seguridade social como autónomo, contrato laboral en vigor ou cabeceira última nómina)

CERTIFICADOS DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL EXPEDIDOS POLA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA, Á AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA, Á TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL E O SERVIZO DE RECADACIÓN PROVINCIAL.

DOCUMENTACIÓN QUE ACREDITE A SÚA PERTENENCIA A UN DOS COLECTIVOS PRIORITARIOS (sempre e cando esta non quede debidamente xustificada coa documentación anterior)

Xustificante de situación laboral (tarxeta de demandante de emprego, pagamento da cota da Seguridade Social como traballadora o traballador autónomo, contrato laboral en vigor ou cabeceira da última nómina)

Documentación que acredite a súa pertenza a un dos colectivos prioritarios (sempre e cando esta non quede debidamente xustificada coa documentación anterior).

Declaración responsable de non estar incurso en causa de prohibición para obtención da condición de beneficiario segundo o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003 (incluída no formulario formalizado – Anexo I)

Declaración responsable de aceptar as bases deste programa (incluída no formulario formalizado – Anexo I)

Declaración responsable de que toda a información que contén esta solicitude se corresponde coa realidade (incluída no formulario formalizado – Anexo I)

CONDICIÓN XERAIS DE PARTICIPACIÓN

A participación no I Programa de Apoio ao emprendemento no rural –Viveiro de empresas de Lalín- está suxeita ao cumprimento das seguintes condicións:

1. **Asistencia as sesións formativas.** A asistencia a todas as sesións formativas, titorías e demais actividades programadas do curso é obrigatoria. A xustificación da asistencia fázase mediante folla de sinaturas que serán pasadas diariamente ao longo das sesións programadas.

No caso de ausencia por enfermidade, accidente ou calquera outra causa xustificada, a/o participante notificará á dirección do Programa o antes posible, aportando a xustificación documental pertinente.

A superación da condición de Asistencia, implica a asistencia a como mínimo ao 70% das horas lectivas e ao 70% das horas de titorías asignadas. A non superación desta condición poderá supor a expulsión da persoa asistente do Programa.

2. **Proxecto fin de curso.** A participación no Programa implica a presentación obrigatoria do Plan de negocio do seu proxecto emprendedor conforme á metodoloxía establecida e as pautas indicadas desde o equipo xestor do Programa. O Plan de negocio será avaliado e deberá obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10 para poder participar no DemoDay así como a calquera outro apoio que se puideran xestionar/acordar desde o entidade convocante (Deputación de Pontevedra).
3. **Todos os traballos e proxectos participantes serán xerados para o coñecemento en aberto e poderán ser difundidos en medios off e online.** Durante o Programa serán realizadas fotografías e vídeos cuxo obxecto sexa a documentación do mesmo. Este material pode ser empregado para difusión e comunicación pública do Programa.

AUTORIZO a consulta automática dos datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- DNI/ NIF do solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA)
- Certificado de estar ao corrente do pagamento da Seguridade Social

*ACEPTO os termos do condicionado xeral do Programa.

*AUTORIZO o tratamento dos datos personais proporcionais para as finalidades descritas

*ACEPTO ser informada/o sobre actividades e novas relacionadas co emprendemento a través do correo electrónico proporcionado.

*DECLARO responsablemente que toda a información que contén esta solicitude se corresponde coa realidade.

ANEXO II. BAREMO DE SELECCIÓN DE PROXECTOS CANDIDATOS A PARTICIPAR NO I PROGRAMA DE APOIO AO EMPRENDAMENTO NO RURAL –VIVEIRO DE EMPRESAS DE LALÍN–

Cumpridos os requisitos establecidos na convocatoria, con carácter xeral aplicaranse os seguintes criterios de selección.

A. Criterios empresariais e transversais (ata un máximo de 9 puntos)

1. Proxecto presentado (ata 7 puntos)
 - Descrición do proxecto. Claridade na descrición
 - Produto ou servizo novidoso ou innovador
 - Desenvolvemento actual do proxecto
 - Políticas ou ideas de negocio que impliquen melloras na calidade de vida das persoas que viven no rural
 - Políticas ou ideas de negocio que dirixan os seus produtos ou servizos a colectivos con necesidades específicas (infancia, xuventude, persoas en risco de exclusión social, migrantes, persoas da terceira idade, persoas en desemprego de longa duración, persoas con discapacidade, vítimas de trata, vítimas de violencia de xénero...)
 - Políticas ou ideas de negocio que favorezan o desenvolvemento sostible
2. Colectivos prioritarios (ata 2 puntos)
 - Proxecto liderado ou participado por mulleres polo menos nun 50 %
 - Proxecto liderado ou participado, polo menos nun 50 %, por persoas en desemprego de longa duración
 - Proxecto liderado ou participado, polo menos nun 50 %, por persoas con discapacidade
 - Proxecto liderado ou participado, polo menos nun 50 %, por persoas en risco de exclusión social

B. Criterios motivacionais, persoais e experienciais (ata un máximo de 9 puntos)

A comisión de selección realizará as entrevistas persoais de selección nas que se valorarán, entre outras, as seguintes características:

- Grao de interese e motivación para participar no programa (ata 3 puntos)
- Potencial de aplicación dos coñecementos adquiridos ao proxecto emprendedor (ata 1 punto)
- Disponibilidade e compatibilidade para a asistencia ás sesións formativas e titorías (ata 2 puntos)
- Motivación para o traballo en equipo e colaborativo (ata 1 puntos)
- Experiencia previa no sector no que se quere emprender ou iniciativas emprendedoras anteriores (ata 1 punto)
- Instalación do proxecto no Viveiro de empresas de Lalín e territorio de referencia (Comarca de Deza) (ata 1 punto)

ANEXO III. I PROGRAMA DE APOIO AO EMPRENDEMENTO NO RURAL –VIVEIRO DE EMPRESAS DE LALÍN–

Programa formativo

Sesión 1. Presentación e compromiso

- Presentación do programa
- Presentación das persoas e iniciativas participantes empregando diferentes dinámicas grupais
- Construimos equipo e comprometémonos co proxecto. Dinámica grupal na que deberán resolver de xeito colaborativo un reto proposto

Sesión 2. Habilidades emprendedoras

- Reflexións teórico-prácticas sobre as seguintes cuestións:
 - Habilidades emprendedoras: calidades persoais, habilidades sociais e comunicativas. Cales teño? Cales necesito mellorar?
 - Cal é a miña motivación para emprender?
 - Está o meu proxecto emprendedor aliñado co meu proxecto de vida, cos meus valores?

Sesión 3. Modelo de Negocio Canvas

- Primeira visión do negocio
 - Lenzo de Modelo de Negocio Canvas (proposta de valor, contexto, axentes clave)
 - Mapa de empatía. Quen somos? Como son os nosos segmentos de mercado?

Sesión 4. *Testeo startup triple balance*

- Metodoloxía Lean Startup. Breve apuntamento teórico. Conceptos clave
- Pasos da metodoloxía Lean Startup aplicados a un modelo de negocio sostible desde un punto de vista económico, social e ambiental

Sesión 5. Plan de márketing en liña e *offline*

- *Marketing mix*
- Identidade dixital e redes sociais

Sesión 6. Plan comercial

- Estratexias comerciais. Cales se adaptan mellor ao meu negocio? Como poño en valor a sostibilidade do meu negocio? escoito a miña clientela?

Sesión 7. Plan económico-financeiro

- Estrutura de custos e gastos do negocio
- Inversión inicial e necesidades de financiamento
- Xestión de cobramentos e pagamentos
- Previsión de tesourería e balance de situación provisional a 1, 3 e 5 anos

Sesión 8. Axudas, subvencións e outras fontes de financiamento. Constitución da empresa

- Axudas e subvencións públicas ao emprendemento
- Organismos e entidades de apoio ao emprendemento
- Entidades bancarias tradicionais e éticas: préstamos e liñas de financiamento
- Outras fontes de financiamento: *crowdfunding*, microcréditos, créditos capital semente, premios...
- Crear unha empresa. Forma xurídica e trámites

Sesión final. Presentación pública dos proxectos

- Nocións de oratoria e construción do *elevator pitch* para unha presentación eficaz do negocio ou da empresa.
- Presentación pública de proxectos ante potenciais clientes ou investidoras e investidores